

2016

APE GALICIA

Asociación intersectorial e interterritorial de autónomos e pequenas empresas de Galicia

**BOLETÍN
AGOSTO**

AXUDAS DO IGAPE PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DE FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS DAS MICROEMPRESAS

SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN FOEXGA 2016-2017

AXUDAS DO IGAPE PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DE FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS DAS MICROEMPRESAS

(PRAZO DE SOLICITUDE: 31 DE OUTUBRO DE 2016)

Entidades beneficiarias:

1. Poderán ser beneficiarios das axudas os autónomos e aquelas empresas que teñan a **consideración de microempresa**.

Terán que ter formalizada unha operación de préstamo cunha entidade financeira adherida ao convenio de colaboración asinado para o efecto, previamente ou con posterioridade á entrada en vigor das presentes bases, con fondos do ICO das liñas ICO-Empresas e Emprendedores 2016, ICO-Garantía SGR/SAECA 2016 ou ben con fondos da propia entidade financeira, sempre que estean avalados por unha SGR.

2. No caso de sociedades civís e comunidades de bens e outras entidades sen personalidade xurídica, o préstamo deberá estar formalizado a nome da entidade e deberá ser asinado por cada un dos seus membros. No caso das cooperativas, o préstamo poderá estar asinado por un representante da entidade, logo de autorización dela, ou polos cooperativistas, que asumirán a débeda en proporción á súa porcentaxe de participación.

En calquera caso, **os préstamos deberán estar formalizados a partir do 1 de xaneiro de 2016 e con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda, por un importe inferior ou igual a 25.000 €, a un prazo igual ou superior a cinco anos e cumprir coas condicións específicas, de actividade e localización, establecidas nestas bases.**

Localización.

O investimento obxecto de financiamento deberá realizarse en Galicia.

Características dos proxectos que se van financiar

1. O financiamento poderá destinarse aos seguintes conceptos:

- Activos fixos produtivos novos ou de segunda man.
- Vehículos industriais sen límite de prezo e vehículos turismos, cun prezo máximo de 30.000 €, sen incluír o IVE.
- Adquisición de empresas.
- Liquidez co límite do 50 % do financiamento.

Os beneficiarios das axudas establecidas nestas bases deberán manter os investimentos obxecto de financiamento durante a vixencia da bonificación á operación financeira.

Importe máximo de préstamo por beneficiario

- Só terán acceso ás axudas de bonificación dos custos de financiamento establecidas nestas bases os préstamos formalizados por un importe inferior ou igual a 25.000 €.
- A porcentaxe de financiamento poderá alcanzar o 100 % do proxecto; non obstante, a bonificación do Igape calcularase para o 75 % do préstamo.

Axuda do Igape

1. Consistirá nunha axuda financeira que se deberá destinar á amortización anticipada do principal do préstamo.

- Axuda ao tipo de xuro de 1,5 puntos porcentuais, con carácter xeral e, no caso de emprendedores ou proxectos pertencentes ao sector industrial, en 0,5 puntos porcentuais adicionais.
- Axuda do 15 % sobre o tramo de préstamo que debe financiar activos fixos.
- Axuda á comisión do aval financeiro, de ser o caso.

Bases reguladoras:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160812/AnuncioO92-020816-0001_gl.html

SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 23 DE SETEMBRO 2016)

Estas axudas están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración con entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais a través da concesión de axudas e subvencións para a contratación ou prórroga da contratación concedida na convocatoria do ano 2015 de axentes de emprego e unidades de apoio (procedemento TR352B), que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de emprego no ámbito das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Beneficiarios/as

As entidades sen ánimo de lucro que establezan accións específicas de conformidade cos seus estatutos para a inserción, preferentemente, das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, sempre que non estean incursoas nalguna das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para ser beneficiarias, ademais, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter personalidade xurídica e capacidade de obrar e estar debidamente inscritas no correspondente rexistro público.
- b) Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.
- c) En todo caso, as entidades beneficiarias deberán acreditar que as persoas contratadas no marco deste réxime de axudas non están afectas ao desenvolvemento dunha actividade económica.

Funcións dos axentes e das axentes de emprego

Os axentes e as axentes de emprego na súa colaboración na implantación das políticas activas de emprego realizarán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral e, en especial, as persoas con discapacidade e en risco de

exclusión social, para mellorar a súa empregabilidade.

- c) Desenvolvemento, avaliación e execución de programas de acción encamiñados a favorecer a igualdade de oportunidades e a discriminación positiva dos colectivos de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.
- d) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira destes.
- e) Apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.
- f) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de emprego, a actividade empresarial e a inserción laboral dos colectivos de persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

Contía

A subvención que percibirán as entidades beneficiarias consistirá nunha contía calculada tomando como referencia os custos salariais e de Seguridade Social dos axentes e das axentes de emprego e unidades de apoio.

Bases reguladoras:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160823/AnuncioG0424-090816-0009_gl.html

AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 25 DE SETEMBRO 2016)

A finalidade deste programa é fomentar a creación de emprego de calidade e, por outro, incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego. Deseñando e aplicando políticas activas orientadas á atención de colectivos específicos con especiais dificultades de inserción. Para iso resulta necesario contar coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro para posibilitar e contribuír ao desenvolvemento, aproveitamento e dinamización do potencial económico, social e cultural da nosa Comunidade Autónoma, á vez que favorece a creación de emprego, mediante a prestación gratuíta de servizos de interese xeral e social.

Beneficiarios

Entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais na data de publicación da presente convocatoria, que establezan accións específicas de conformidade coa súa escritura pública e/ou cos seus estatutos para a inserción, preferentemente, das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, sempre que non estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para ser beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Teren personalidade xurídica e capacidade de obrar e estaren debidamente inscritas no correspondente rexistro público.
- b) Dispoñeren de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

Requisitos dos servizos que prestarán

Os servizos que se desenvolvan mediante a actividade dos traballadores e traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, preferentemente, no ámbito da discapacidade e/ou do risco de exclusión social, e deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que sexan prestados polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa.
- b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas que se contratarán.
- c) Que se presten ou executen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos non supere os nove meses desde a

súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, do 50 ou do 75 por cento, a dita duración máxima poderá estenderse ata os doce meses.

e) En todo caso, as entidades beneficiarias deberán acreditar que as persoas contratadas no marco deste réxime de axudas non están afectas ao desenvolvemento dunha actividade económica.

Contía

A subvención que percibirán as entidades beneficiarias por realizar as contratacións consistirá nunha contía por cada unha delas, calculada tomando como referencia os custos salariais e da Seguridade Social das persoas que se van contratar

Bases reguladoras

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160825/AnuncioG0424-090816-0007_gl.html

<http://emprego.ceei.xunta.gal/programas-de-cooperacion>

AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN FOEXGA 2016-2017

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 31 DE OUTUBRO 2016)

O obxectivo destas bases é incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización das pemes galegas.

O obxectivo principal do Plan Foexga é conseguir a internacionalización real das pemes galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados exteriores

As actuacións que engloban o Plan Foexga están dirixidas a:

- a) Aumentar a base de empresas exportadoras.
- b) Fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais.
- c) Conseguir unha maior diversificación tanto sectorial como xeográfica das exportacións, incorporando novos mercados e produtos aos procesos de internacionalización das empresas galegas.
- d) Difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

Réxime das subvencións

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva

Actuacións, gastos subvencionables

Serán subvencionables as seguintes actuacións de internacionalización organizadas e executadas por unha entidade colaboradora adherida:

- a) Misións empresariais directas ao estranxeiro (incluíndo encontros empresariais ou visitas a feiras que teñan lugar en calquera país estranxeiro).
- b) Participación en feiras ou noutros eventos expositivos que teñan lugar no estranxeiro

Contía da axuda

A contía da axuda será dun 90 % sobre o importe dos gastos subvencionables.

Bases reguladoras

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160901/AnuncioO92-080816-0001_gl.html

<http://www.igape.es/es/sair-ao-mercado-exterior>